

**PERANTE O XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 4 DE OURENSE
(Para a Administración Concursal da Vidreira do Atlántico, S.A.)**

Procedimento Concursal
Vidreira do Atlántico, S.A.
Procedimento nº 1337/2009

Alba Arrizado Mosqueira, letrada colexiada ICA Lugo nº 1716, con enderezo a efectos de notificacións na vila de Verín, Sindicato Confederación Intersindical Galega, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º, CP 32600, do concello de Verín (Ourense); no nome e representación dos traballadores e traballadoras da sociedade Vidreira do Atlántico, S.A., traballadores e traballadoras cedidos por ETTs á sociedade Vidriera del Atlántico, S.A., e das entidades que se relacionan:

- 1º.- **JOSÉ MANUEL ARAUJO RODRÍGUEZ**, con DI 44.457.001-W.
- 2º.- **CHRISTIAN ARMESTO FEIJOO**, con DI 44.473.155-X.
- 3º.- **CELSO BARGE VELOSO**, con DI 34.922.596-V.
- 4º.- **MANUEL JOSÉ BARREIRO RODRÍGUEZ**, con DI 34.927558-B.
- 5º.- **SUSANA BLANCO CERRADELO**, con DI 44.475.597-Z.
- 6º.- **JOSÉ RAMÓN BOAN GONZÁLEZ**, con DI 34.993.681-D.
- 7º.- **CLAUDIO CABALLERO MÉNDEZ**, con DI 08.924.722-D.
- 8º.- **MARCOS CANEDA MARTÍNEZ**, con DI 44.482.141-A.
- 9º.- **SONIA CASAS BAILÓN**, con DI 44.464.432-G.
- 10º.- **SIXTO CERREDELO MARRA**, con DI 76.726.554-A
- 11º.- **MANUEL CID PÉREZ**, con DI 44.484.707-Q
- 12º.- **MARÍA DEL CARMEN COSTA LOUREIRO**, con DI 76.904.994-D.
- 13º.- **MODESTO CUQUEJO COBELAS**, con DI 34.991.958-B.
- 14º.- **MANUEL DACAL OPAZO**, con DI 44.463.082-B.
- 15º.- **MARÍA DEL CARMEN ESTÉVEZ BARGE**, con DI 76.715.162-L.
- 16º.- **MARÍA ELENA FERNÁNDEZ BARREIRO**, con DI 76.726.921-W.
- 17º.- **JOSÉ LUIS FERREIRA DOMÍNGUEZ**, con DI 36.102.407-C.
- 18º.- **ÓSCAR GARRES CUQUEJO**, con DI 44.464.433-M.
- 19º.- **PABLO JORGE GARRIDO AGAPITO**, con DI 76.728.248-H.
- 20º.- **DAVID GESTOSO DELGADO**, con DI 44.454.910-G
- 21º.- **MARÍA JOSEFA GÓMEZ CUQUEJO**, con DI 76.775.172-E.
- 22º.- **DAVID GÓMEZ RODRÍGUEZ**, con DI 44.451.677-Z.
- 23º.- **JOSEFINA GONÇALVES DOS SANTOS**, con DI 44.470.055-S.
- 24º.- **JOSEFA GRANDE NÓVOA**, con DI 34.937.276-T.
- 25º.- **MARÍA DEL SOL LAMA CASARES**, con DI 34.945.162-C.
- 26º.- **LUIS LÓPEZ JOGA**, con DI 76.717.320-S.
- 27º.- **GONZALO LÓPEZ RODRÍGUEZ**, con DI 34.929.953-Z.
- 28º.- **ANTONIO LÓPEZ VILLARINO**, con DI 34.966.050-R.
- 29º.- **MIGUEL ANGEL MARTÍNEZ MARTÍNEZ**, con DI 34.981.390-T.
- 30º.- **CAMILO MARTÍNEZ MÉNDEZ**, con DI 34.971.361-E.
- 31º.- **ROSA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ**, con DI 34.995.156-N.
- 32º.- **MARÍA ANGELES MAUS PÉREZ**, con DI 76.719.546-X.
- 33º.- **RUTH MERA NAVAS**, con DI 76.725.189-H.
- 34º.- **JULIA MORÁN CAMPELO**, con DI 34.935.167-F.
- 35º.- **MARÍA DEL PILAR NIETO IGLESIAS**, con DI 76.706.707-M.
- 36º.- **MARTÍN OTERO OTERO**, con DI 44.493.345-Y.
- 37º.- **MARÍA MAR PATRICIO NOVOA**, con DI 34.946.906-Q.
- 38º.- **ÁNGEL PEÑA SÁNCHEZ**, con DI 43.538.680-W.
- 39º.- **ANTONIO PÉREZ SAMBREIJOME**, con DI 76.775.589-W.
- 40º.- **NABOR QUINTAIROS SANMAMED**, con DI 34.726.575-W.

- 41º.- **ROBERTO QUINTAS AUGUSTO**, con DI 44.480.131-V.
 42º.- **ÁNGEL QUINTAS GONZÁLEZ**, con DI 44.454.545-F.
 43º.- **JOSÉ FRANCISCO QUINTAS SANMAMED**, con DI 34.945.255-K.
 44º.- **MARCOS RAMOS GALVÁN**, con DI 76.712.319-M.
 45º.- **JOSÉ LUIS RIBO FREIRE**, con DI 34.921.144-Z.
 46º.- **FRANCISCO RODRÍGUEZ ATANES**, con DI 34.981.974-D.
 47º.- **MARÍA ELDA RODRÍGUEZ CUQUEJO**, con DI 34.941.000-K.
 48º.- **JOSÉ RODRÍGUEZ CAMIÑA**, con DI 34.962.846-V.
 49º.- **RUBÉN RODRÍGUEZ DÍAZ**, con DI 76.725.475-M.
 50º.- **MARÍA AURORA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ**, con DI 44.448.748-Y.
 51º.- **EVA RODRÍGUEZ LAMA**, con DI 34.936.618-D.
 52º.- **MARISOL RODRÍGUEZ LORENZO**, con DI 76.712.974-Q.
 53º.- **JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ PRIETO**, con DI 36.006.740-X.
 54º.- **DIEGO RUBÍN DACOSTA**, con DI 44.466.171-H.
 55º.- **SERAFINA RUÍDO JOGA**, con DI 34.948.741-B.
 56º.- **LUIS MANUEL SANTANA BARREIRO**, con DI 34.977.455-K.
 57º.- **JUAN RAMÓN SIEIRO OPAZO**, con DI 76.712.744-Q.
 58º.- **AMADEO VALENCIA DEVESA**, con DI 76.717.429-D.
 59º.- **PLÁCIDO VALENCIA RODRÍGUEZ**, con DI 34.990.777-A.
 60º.- **ANGEL VALES FERREIRO**, con DI 34.914.907-X.
 61º.- **FRANCISCO VÁZQUEZ CASAL**, con DI 34.959.048-Z.
 62º.- **FRANCISCO VECINO ORTIGUEIRA**, con DI 76.848.422-V.
 63º.- **ROSA MARÍA VÁZQUEZ OTERO**, con DI 34.966.222-N.
 64º.- **DANIEL VECINO SUÁREZ**, con DI 36.133.027-G.
 65º.- **FRANCISCO JAVIER VECINO SUÁREZ**, con DI 36.133.026-A.
 66º.- **MARCOS VILLARINO NOGUEIRAS**, con DI 76.731.774-W.
 67º.- **BEATRIZ GARCÍA GÓMEZ**, con DI 44.466.762-B.
 68º.- **ANA MARÍA GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ**, con DI 34.998.740-P.
 69º.- **JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ**, con DI 76.717.265-Y.
 70º.- **RUBÉN RODRÍGUEZ GÁNDARA**, con DI 76.726.946-G.
 71º.- **JOSÉ MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ**, con DI 44.446.225-J.
 72º.- **ALBERTO SUEIRO CASADO**, con DI 78.877.200-B.
 73º.- **DORINDA VILLAR LOZANO**, con DI 76708.360-W.
 74º.- **JESÚS DE LAS HERAS ÁLVAREZ**, con DI 71121975H
 75º.- **JAVIER QUINTAS AUGUSTO**, con DI 44488970R
 76º.- **ELISEO GÓMEZ FERNÁNDEZ**, con DI 34990085R
 77º.- **PERFECTO SALGADO MARTÍNEZ**, con DI 76748119V
 78º.- **ELISA FEIJOO GÁNDARA**, con DI 34969284S
 79º.- **ANTONIO RODRÍGUEZ FÍRVIDA**, con DI 34718185F
 80º.- **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**, con CIF G36706927
 81º.- **COMITÉ DE EMPRESA DA VIDREIRA DO ATLÁNTICO.**

Perante o **Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense** comparezo e, como mellor proceda, **DIGO**

Primeiro.- Que, en data 4/12/2009, a empresa Vidriera del Atlántico, S.A., entregou a dona Rosa Martínez Rodríguez, en cualidade de Secretaria do Comité de Empresa da Vidreira do Atlántico, S.A., unha nota de prensa, a meio da que se informou que o día 30/11/2009 a sociedade Vidriera del Atlántico, S.A., formulara solicitude de declaración de concurso de acredores perante o Xulgado Mercantil de Ourense, sen apenas mais aclaracións.

Segundo.- Que o día 18/12/09 o responsábel do Departamento de RRHH da empresa Vidriera del Atlántico, S.A., comunicou á Secretaria do Comité de Empresa, o seguinte:

“A instancia da Administración Concursal de Vidreira do Atlántico, composta polos señores César Vila, Manuela Seguí e Ricardo José Orbán, convócaselles a unha reunión que terá lugar o próximo martes día 22 de Decembro, nos locais da empresa, a partires das 17:00 horas da tarde”

Terceiro.- Que o día 21 de Decembro do 2009 o Presidente do Comité de Empresa da Vidreira do Atlántico, S.A., enviou unha comunicación ao fax da sociedade do seguinte teor literal (achégase copia do documento):

“PLÁCIDO VALENCIA RODRÍGUEZ, con DI. nº 34.990.777, en calidade de Presidente do Comité de Empresa da Vidreira do Atlántico, S.A., con enderezo a efectos de notificacións na vila de Verín, Sindicato CIG, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º, CP 32600. Verín. (Fax. 988611647); perante a DIRECCIÓN DA EMPRESA VIDRIERA DEL ATLÁNTICO, S.A. comparezo e DIGO:

Primeiro.- Que, en data 4/12/2009, a empresa Vidriera del Atlántico, S.A., entregou a dona Rosa Martínez Rodríguez, en calidade de Secretaria do Comité de Empresa da Vidreira do Atlántico, S.A., unha nota de prensa, a meio da que se informou que o día 30/11/2009 a sociedade Vidriera del Atlántico, S.A., formulara solicitude de declaración de concurso de acredores perante o Xulgado Mercantil de Ourense, sen apenas mais aclaracións.

Segundo.- Que o día 18/12/09 o responsábel do Departamento de RRHH da empresa Vidriera del Atlántico, S.A., comunicou á Secretaria do Comité de Empresa, o seguinte:

“A instancia da Administración Concursal de Vidreira do Atlántico, composta polos señores César Vila, Manuela Seguí e Ricardo José Orbán, convócaselles a unha reunión que terá lugar o próximo martes día 22 de Decembro, nos locais da empresa, a partires das 17:00 horas da tarde”

Terceiro.- Que consonte co disposto no artigo 100 do Convenio Colectivo Estatal do Vidro, no artigo 64.1.1º.3º do Estatuto dos Traballadores/as, modificado pola Lei 38/2007, nos artigos 95, 112 e 218 da Lei de Sociedades Anónimas e no artigo 173 do Código de Comercio, o Comité de Empresa ten, entre outras, as seguintes competencias:

“Recibir información, que lles será facilitada trimestralmente, ao menos sobre a evolución xeral do sector económico ao que pertence a empresa, sobre a situación da produción e vendas da entidade, sobre o seu programa de produción e evolución probábel do emprego na empresa, así como ao redor das previsións do empresario sobre celebración de novos contratos, con indicación do número distes e das modalidades e tipos de contratos que serán utilizados e dos supostos de subcontratación.

Coñecer o balanço, a conta de resultados, a memoria, e, no caso de que a empresa revista a forma de sociedade por accións ou participacións, os demais documentos que se dea a coñecer aos socios e nas mesmas condicións que a eles.

Os balanços e previsións do cadro de persoal e a súa relación coas actividades da empresa faranse desgolsando os traballadores e traballadoras por divisións orgánicas funcionais e grupos profesionais, con indicación das correspondentes modalidades contractuais”.

Cuarto.- Que ademais o apartado 5º do artigo 100 do Convenio Colectivo dispón que o Comité de Empresa terá a competencia de:

“Emitir informe cando a fusión, absorción ou modificación do status xurídica da empresa supoña calquera incidencia que afecte ao volume de emprego”.

Quinto.- Que tamén o artigo 107.3º do Convenio Colectivo determina, literalmente:

“Quen obstenten cárgos electivos a nivel provincial, autonómico ou estatal, nas organizacións sindicais mais representativas, terán dereito:

c) Á asistencia e ao acceso aos centros de traballo para participar en actividades propias do seu sindicato ou do conxunto dos traballadores e traballadoras, previa comunicación ao empresario e sen que o exercicio dese dereito poida interromper o desenvolvemento normal do proceso produtivo”.

Sexto.- Que o artigo 88.2 do Estatuto dos Traballadores e Traballadoras establece, literalmente:

“A designación dos componentes da comisión corresponderá ás partes negociadoras, quien de mutuo acordo poderán designar un presidente e contar coa asistencia nas deliberacións de asesores, que intervirán con voz, pero sen voto”.

Sétimo.- Que na xunta do Comité de Empresa, celebrada o día 17 de Xullo do 2007, elixiuse como asesor único do organismo a: Manoel Anxo García Torres (D.I. nº 76.707.405-J, Secretario Confederal de Formación para o Emprego da CIG); quen, á súa vez, foi designado pola propia CIG como representante de tal sindicato na Comisión Negociadora do Convenio Colectivo da Empresa Vidreira do Atlántico, S.A.

Oitavo.- Que, dende Febreiro do 2009 o Comité de Empresa e a CIG vimos solicitando, unha e outra vez, á Dirección da Empresa:

a) Que se dea cumprimento á obriga de negociar de boa fé co Comité de Empresa.

b) Que se nos subministre a información económica e outra a que temos dereito no exercicio do noso labor.

Noveno.- Que ambos dereitos (á información e á negociación colectiva) veñen sendo reiteradamente vulnerados polas Direccións da Vidreira do Atlántico, S.A. e do Grupo BA Vidrio, S.A.; negándose a negociar materia algunha, impedindo o acceso ás instalacións do asesor designado polo Comité de Empresa e, mesmo, faltando ao seu deber de informar aos

representantes legais dos traballadores/as; como o proba, precisamente, o feito de que se nos anuncie un procedemento concursal, a meio dunha “nota de prensa”.

Por todo o dito, en representación dos/as traballadores/as da empresa Vidreira do Atlántico, S.A.,

COMUNICO:

Que, con carácter inmediato, se debe dar cumprimento á petición rexistrada o día 10 de Decembro do 2009, no que atinxe á que se nos entregue a seguinte documentación:

- Orde do día de cada unha das xuntas de accionistas e/ou socios da empresa Vidreira del Atlántico, S.A., celebradas durante os anos 2008 e 2009, a efectos de acreditación da información entregada aos socios.
- Acta e documentación manexada na Xunta de Accionistas da Vidreira do Atlántico, S.A. na que se tomou a decisión de reducir o capital da sociedade á cantidade de: 6.225.417,00 euros (o 50%).
- Fotocopia de toda a documentación e información entregada aos socios da empresa Vidreira del Atlántico, S.A. nas xuntas de accionistas e/ou socios celebradas durante os anos 2008 e 2009.
- Contas auditadas do ano 2009, empregadas para soste a formulación da acción concursal na Vidreira do Atlántico, S.A.
- Fotocopia dos Estatutos da sociedade Vidreira del Atlántico, S.A., xunto con todos os documentos relativos as modificacións sociais que se puidesen terse realizado.
- Informe sobre a estrutura social de Vidreira del Atlántico, S.A., na que se identifiquen os socios e/ou accionistas da empresa e número de participacións sociais correspondentes a cada un.
- Balanzo, Conta de Perdas e Gaños e Memoria consolidados dos anos 2008 do Grupo BA Vidrio, S.A. ou do Grupo ao que estea adscrito o anterior.
- Informe sobre existencias almacenadas e stockadas na fábrica de Xinzo da Limia na fin dos seguintes meses: Xullo, Agosto, Setembro, Outubro e Novembro 2009.

Que asistiremos á reunión convocada, acompañados polo asesor do Comité de Empresa: Manoel Anxo García Torres (D.I. nº 76.707.405-J).

Que, no caso de impedirse pola Dirección do Grupo BA, S.A., mais unha vez, o acceso ás instalacións do noso asesor, anunciamos a disposición do Comité de Empresa a manter a reunión coa Administración Concursal, na data, hora e lugar, alleo á empresa, que conveña a tal órgano, a efectos de propiciar a asistencia do noso asesor e evitar outra violación do dereito de liberdade sindical e negociación”.

Cuarto.- Que o día 22 de Decembro do 2009, personados ás 17:00 horas nas instalacións da empresa concursada, co obxecto de asistir á reunión convocada pola Administración Concursal, os membros do Comité de Empresa pertencentes ao sindicato CIG: Claudio Cabellero Méndez, Rosa Martínez Rodríguez, Manuel José Barreiro Rodríguez, Francisco Rodríguez Atanes, Plácido Valencia Rodríguez e o asesor do Comité de Empresa e representante da sección sindical da CIG no ámbito da empresa: Manoel Anxo García Torres; atopáronse conque a garda de seguranza que opera na garita de entrada ás instalacións lles comunicou que o representante da CIG, Manoel Anxo García Torres, tiña prohibido o paso ás instalacións e, xa que logo, non se autorizaba a súa presenza na reunión.

Perante esta nova prohibición e violación do dereito de liberdade sindical, o Presidente do Comité de Empresa, Plácido Valencia Rodríguez e a Secretaria do mesmo órgano, Rosa Martínez Rodríguez, accederon en solitario ao interior das instalacións a efectos de perguntar aos administradores concursais o motivo do mantemento dunha decisión ilegal, restritiva e vulneradora dos dereitos do Comité de Empresa e dos traballadores en xeral.

No interior das instalacións os administradores concursais manifestaron aos dous membros do Comité de Empresa, avalando tacitamente a decisión patronal de prohibir a entrada do representante da CIG e asesor do Comité, que se trataba dunha reunión informal e que, polo tanto, non era precisa a presenza do citado representante sindical; mais que, en todo caso, eles non se tiñan porque imiscuir nos problemas sindicais das partes, ao seguir atribuídas as facultades de administración e disposición aos administradores da empresa.

Tras as explicacións dadas o Presidente e Secretaria do Comité, indicaron aos presentes, entre os que se atopaba o Director Xerente da fábrica: Reinaldo José, que os membros do Comité de Empresa e da sección sindical maioritaria, dacordo co normativa

sindical, tiñan dereito a participar nas reunións e a acudir asistidos de asesores/as e que, nese sentido, invitaban aos administradores concursais a reunirse no lugar e hora que eles fixasen, fora das instalacións da fábrica, dada a prohibición establecida pola dirección da empresa. A resposta dos administradores concursais, simplemente, consistiu en informar aos representantes dos traballadores/as **que ían estudar tal ofrecemento**. A partir desda manifestación, os representantes dos traballadores/as abandonaron a reunión.

Quinto.- Que non pode esquecer aos administradores concursais que o artigo 66 da Lei Concursal dispón literalmente:

“A modificación das condicións establecidas nos convenios regulados no título III do Estatuto dos Traballadores só poderá afectar a aquelas materias nas que sexa admisíbel con arranxo á legislación laboral, e, en todo caso, requirirá o acordo dos representantes legais dos traballadores/as”.

Sexto.- Que, por outra banda, o artigo 107.3º do Convenio Colectivo determina, literalmente:

“Quen obstenten cárgos electivos a nivel provincial, autonómico ou estatal, nas organizacións sindicais mais representativas, terán dereito:

c) Á asistencia e ao acceso aos centros de traballo para participar en actividades propias do seu sindicato ou do conxunto dos traballadores e traballadoras, previa comunicación ao empresario e sen que o exercicio dese dereito poida interromper o desenvolvemento normal do proceso produtivo”.

Sétimo.- Que, a maiores, o artigo 88.2 do Estatuto dos Traballadores e Traballadoras establece, literalmente:

“A designación dos componentes da comisión corresponderá ás partes negociadoras, quien de mutuo acordo poderán designar un presidente e contar coa asistencia nas deliberacións de asesores, que intervirán con voz, pero sen voto”.

Oitavo.- Que, en relación co anterior na xunta do Comité de Empresa, celebrada o día 17 de Xullo do 2007, elixiuse como asesor único do organismo a: Manoel Anxo García Torres (D.I. nº 76.707.405-J, Secretario Confederal de Formación para o Emprego da CIG); quen, á súa vez, foi designado pola propia CIG como representante de tal sindicato na Comisión Negociadora do Convenio Colectivo da Empresa Vidreira do Atlántico, S.A.

Noveno.- Que os administradores concursais tiñan coñecemento expreso, por constarlles o escrito enviado á Dirección da empresa, que dende Febreiro do 2009 o Comité de Empresa e a CIG veñen solicitando, sen conseguilo, unha e outra vez, á Dirección da Empresa:

a) Que se dea cumprimento á obriga de negociar de boa fé co Comité de Empresa e a CIG.

b) Que se lles subministre a información económica e outra a que teñen dereito no exercicio do seu labor.

Ambos dereitos, á información e á negociación colectiva, teñen sido, reiteradamente, vulnerados polas Direccións da Vidreira do Atlántico, S.A. e do Grupo BA Vidrio, S.A.; negándose a negociar materia algunha, impedindo o acceso ás instalacións do asesor designado polo Comité de Empresa e membro da CIG e, mesmo, faltando ao seu deber de informar aos representantes legais dos traballadores/as; como o proba, precisamente, o feito de que se nos anuncie un procedemento concursal, a meio dunha “nota de prensa”.

Así pois, os administradores concursais designados, dacordo coa súas funcións de supervisar as accións do debedor, non poden avalar, sequer tacitamente, unha decisión

empresarial que vai máis aló do simple incumprimento dos dereitos convencionais dos traballadores e traballadoras, para incorrer nunha evidente violación dos dereitos fundamentais de defensa e liberdade sindical. Niste sentido, semellaría prudente que os Administradores concursais non se deixasen arrastrar por decisións ilícitas da patronal e, mesmo, puxesen en coñecimento dos órganos Inspectores de Traballo competentes a prohibición empresarial que nos ocupa, ao estar plenamente vixente o dereito nas relacións cos traballadores e centrais sindicais; tal e como, pola súa banda, fará esta mesma representación dos traballadores/as.

En base ao exposto,

SUPLICO AO XULGADO que, presentado este escrito, coas súas copias e documentos que se achegan, o admita e, na súa virtude, traslade o mesmo aos Administradores Concursais da Vidreira do Atlántico, S.A. aos efectos de que avalíen as seguintes propostas e informacións dos meus representados e representadas, en relación co exposto no corpo deste escrito:

1ª.- Proponse á administración concursal reconvocar urxentemente, dentro ou fora das instalacións, a xuntanza frustrada cos representantes legais dos operarios e operarias, coa presenza dos asesores destes e dos representantes sindicais da CIG, no lugar, día e hora que conveña a tal órgano.

2ª.- Proponse á administración concursal que se teña en conta que os dous "supostos" representantes dos traballadores cos que si se reuniron no día de onte, coa aquiescencia empresarial: Don Camilo Barge Ramos e dona Rosa Díaz Ramos, legalmente, deixaron de ser delegados de persoal por revogamento da asemblea de traballadores da Vidreira do Atlántico. E, sendo certo que en 1ª instancia o Xulgado Social nº 1 de Ourense anulou tal revogamento, restituíndolles a condición de delegados de persoal, non é menos certo que ao ter sido recorrida en suplicación a sentenza citada, esta non ten efectos suspensivos sobre o acordo revogatorio e, xa que logo, deica se pronuncie o TSXG, ambos compañeiros carecen da condición de representantes legais dos traballadores e traballadoras.

3ª.- Proponse á administración concursal que se analicen, á maior brevidade posíbel, varias das medidas solicitadas ao Xulgado, no día de onte, por esta representación, a meio da formulación dun incidente de xustiza cautelar; sobre todo aquelas relativas á conservación da maquinaria e medios produtivos, que afectan ao mantemento da actividade na fábrica. A saber:

É de vital importancia para o mantemento da actividade fabril que se requira aos administradores da sociedade para que procedan ao cambio inmediato da fita transportadora que subministra area e materias primas ao forno de fusión, dado que o seu lamentábel estado de conservación provoca un iminente risco de ruptura e, de acontecer, habería que forzar a paralización do forno de fusión por falta de alimentación de materias primas.

OUTROSÍ DIGO 1º: Que a efectos de recibir citacións e notificacións sinalo como enderezo o meu despacho no sindicato CIG, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º, CP 32600, do concello de Verín (Ourense). Fax 988611647. Móbil 607919317.

É xustiza que pido en Ourense, a 22 de Decembro de 2009
Asdo. Alba Arrizado Mosqueira